Jarne, G.; Pérez-Grasa, I.; Minguillón, E., **Matemáticas para la economía. Álgebra Lineal y Cálculo Diferencial**, Mc Graw Hill, 2004

Bibliografía Complementaria

Balbás, A. e outros., **Análisis matemático para la economía I y II**, A. C., 1987

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

No caso de que por cuestións sanitarias teñan que activarse medidas excepcionais con docencia en modalidade semipresencial, realizaranse as correspondentes adaptacións e modificacións.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A actividade docente impartirase tamén mediante Campus Remoto (aulas virtuais) e utilizarase a plataforma de teledocencia Moovi. As titorías realizaranse no despacho virtual e por correo electrónico.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Manterase a planificación prevista.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Economía: Técnicas de economía aplicada				
Materia	Economía: Técnicas de economía aplicada			
Código	V03G100V01105			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Garza Gil, María Dolores			
Profesorado	Fernández González, Raquel Garza Gil, María Dolores			
Correo-e	dgarza@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Achegamento ás principais variables que permiten realizar diagnósticos básicos de situación e evolución dunha economía.			

Competencias	
Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Desenvolver sensibilidade respecto ao medio ambiente e compromiso cunha economía sustentable
CG2	Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia
CG3	Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CG5	Fomentar a mobilidade e adaptabilidade a ámbitos e situacións diferentes
CG6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
CG7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecer o sistema europeo de contabilidade nacional	CB3
Definir e comprender conceptos e ferramentas económicos básicos	CB1 CB2 CB5
Capacidade para a búsqueda de información económica, analizar a evolución dunha economía e a sua comparación con outras economías	CB5 CG6 CG7
Capacidade para a análise crítica sobre as ferramentas a utilizar e na interpretación dos resultados, a nivel individual ou de grupo	CG1 CG2 CG3 CG4 CG5

Contidos	
Tema	
Introdución	A actividade económica. A información económica e o seu tratamento.
As Contas Nacionais	Introdución á Contabilidade Nacional. As macromagnitudes do SEC. Renda e distribución.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	15	30	45
Seminario	5	5	10
Lección maxistral	30	65	95

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticas de laboratorio	Formulación e resolución de problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións.
Seminario	Neste tempo os alumnos poderán plantexar dúbidas sobre a materia ao profesor. Tamén se pode utilizar para que o profesor plantexe problemas aos alumnos que serán avaliados posteriormente.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia e realización de exercicios.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	No caso de persistir restriccións á presencialidade, as sesións de titorización realízanse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia).

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas	
Prácticas de laboratorio	Realización de exercicios e resolución de problemas.	40	CB1	CG2
	Participación no desenvolvemento da materia. Exposición dos exercicios e problemas. Poderían realizarse cuestionarios de avaliación.		CB2	CG3
			CB3	CG4
			CB5	CG5
				CG6
				CG7
Lección maxistral	Exame teórico e práctico. Poderían realizarse exames parciais ou cuestionarios de avaliación. Si se aproban os parciais ou cuestionarios, a materia estará superada.	60	CB1	CG1
			CB2	CG4
			CB3	CG6
			CB5	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación (o prazo para renunciar á avaliación continua é o 30 de setembro). Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación. As datas de exames deberán ser consultadas na Páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Muñoz, C; Iráizoz, B; Rapún, M., **Las cuentas de la Nación II. Ejercicios**, Cívitas, 2007

Muñoz, C; Iráizoz, B; Rapún, M, **Las cuentas de la Nación I. Introducción a la Economía Aplicada**, Cívitas, 2008

Bibliografía Complementaria

OCDE, **Fuente de datos: National Accounts of OECD Countries**, www.sourceOECD.org, OECD,

ONU, **Fuente de datos: Programa de Naciones Unidas para el Desarrollo Humano**, www.undp.org, ONU,

Eurostat, **Fuente de datos: Oficina de publicaciones de las Comunidades Europeas**, www.europa.eu.int/comm/eurostat, EU,

Banco de España, **Fuente de datos: Balanza de pagos de España**, www.bde.es, BdE,

INE, **Fuente de datos: Contabilidad Nacional de España**, www.ine.es, INE,

Delgado, MJ; Diego, D; Díaz, C; Martín, M., **Introducción a la economía aplicada. Metodología, fuentes estadísticas y casos prácticos**, Ariel, 2002

Recomendacións

Outros comentarios

O alumno debe coñecer previamente conceptos elementais de matemáticas.

Na plataforma de teledocencia se poderá consultar información relevante para o seguimento da asignatura.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A metodoloxía, contidos e titorías non se modificarán, simplemente pasarán a desenvolverse de xeito non presencial mediante Campus Remoto e a plataforma de teledocencia e atendendo ás indicacións que se faciliten no seu momento por parte das autoridades académicas.

As sesións de titorización realízanse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia).

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

As probas se substituirán pola realización de cuestionarios mantendo a ponderación.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito: Dereito mercantil**

Materia	Dereito: Dereito mercantil			
Código	V03G100V01201			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS 6	Carácter FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Torres Pérez, Francisco José			
Profesorado	Aldavero Mora, María de la Paz Torres Pérez, Francisco José			
Correo-e	ftorres@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A finalidade desta asignatura é acadar un coñecemento xeral sobre a función actual do Dereito Mercantil centrándose no seguinte:			
	<p>Cómo se adquire a condición de empresario e qué implicacións ten a nivel de responsabilidade?</p> <p>Qué tipos de formas sociais existen?</p> <p>Qué contratos utilizan habitualmente os empresarios no mercado?</p> <p>Qué papel xogan os títulos valores (cheques, letras de cambio etc.) na actualidade?</p> <p>Qué regulación existe para as situacións de insolvencia?</p>			

Competencias

Código	
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Identificar os suxectos que teñen a consideración de empresario a fin de poder determinar quen é responsable, fronte a terceiras persoas, das actuacións que se realicen no mercado.	CE3 CE7	
Coñecer as particularidades e rasgos propios dos distintos tipos de sociedades mercantís.	CE7	
Coñecer os dereitos e obrigas do empresario na súa actuación no mercado.	CE7	
Comprender a regulación xurídica da actividade dos empresarios no mercado, de xeito que se poida avaliar de forma básica o marco legal no que se desenvolve unha actividade empresarial.	CE7 CE12	CT7
Determinar qué norma é aplicable ao caso concreto, para poder resolver problemas prácticos derivados da actuación da empresa no mercado.	CE7	CT2 CT4
Resolver de forma razoada os problemas xurídicos plantexados.	CE7	CT2 CT5 CT7
Elaborar informes de carácter xurídico-económico e realizar a súa presentación.	CE3 CE7	CT2 CT4 CT5 CT7

Contidos

Tema	
------	--

Módulo I.- ESTATUTO XURÍDICO DO EMPRESARIO	1. CONCEPTO E CARACTERES XERAIS DO DEREITO MERCANTIL 2. O EMPRESARIO E OS SEUS COLABORADORES 3. NOCIONES SOBRE O REXISTRO MERCANTIL E A CONTABILIDADE DO EMPRESARIO 4. ELEMENTOS MATERIAIS DA ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL 5. O DEREITO DA COMPETENCIA E A PROPIEDAD INDUSTRIAL
Módulo II.- DEREITO DE SOCIEDADES	6. NOCIONES XERAIS SOBRE AS SOCIEDADES MERCANTILES 7. A SOCIEDADE ANÓNIMA I 8. A SOCIEDADE ANÓNIMA II 9. A SOCIEDADE ANÓNIMA III 10. A SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA I 11. A SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA II 12. AS SOCIEDADES COOPERATIVAS
Módulo III.- INSTRUMENTOS DE PAGO E DE CRÉDITO.	13. TEORÍA XERAL DOS TÍTULOS VALORES 14. A LETRA DE CAMBIO. DECLARACIÓN CAMBIARIAS: ACEPTACION, ENDOSO E AVAL DA LETRA DE CAMBIO 15. CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIONES CAMBIARIAS. O VENCIMIENTO DA LETRA 16. O CHEQUE E O PAGARE
Módulo IV.- CONTRATACIÓN MERCANTIL	17. AS OBRIGACIÓN E OS CONTRATOS MERCANTIS. 18. CONTRATOS DE COLABORACIÓN 19. CONTRATO DE COMPRAVENDA MERCANTIL E CONTRATO DE TRANSPORTE 20.- CONTRATOS NO MERCADOS DE VALORES E CONTRATOS BANCARIOS 21.- CONTRATO DE SEGURO
Módulo V.- DEREITO CONCURSAL	22- NOCIÓN DE DEREITO CONCURSAL

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	10	0	10
Seminario	5	25	30
Lección maxistral	36	35	71
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	38	39

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	- Presentación de liñas básicas do tema a estudar polo docente. - Intervención dos alumnos. - Dúbdas e debate. - Conclusións e recollida das prácticas. - Entrega de actividade de seminario cando proceda.
Seminario	- Presentación de conclusións e informe polo alumnado. - Recepción de infome e valoración polo docente.
Lección maxistral	- Esquema e documentación na Plataforma docente: tres días antes da clase. Conterá os obxectivos e bibliografía específica. - Explicación dos epígrafes seguindo un esquema de presentación. - Conclusións. - Presentación de dúbdas. - Presentación e reparto da clase práctica cando proceda.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No horario de titorías atendendo individualizadamente ao alumnado que teña dúbdas sobre a materia explicada nas sesións teóricas.
Prácticas de laboratorio	Na propia sesión de prácticas atendendo individualizadamente aos diversos grupos de traballo.
Seminario	No horario de titorías atendendo individualizadamente ao alumnado que teña dúbdas ou cuestión sobre os seminarios.

Avaliación

Descrición	CualificaciónCompetencias Avaliadas

Prácticas de laboratorio	6 prácticas puntuables entre as 8 que se van facer. Cada una puntuará 0.25 puntos sobre o total da nota. Máxima nota por este concepto: 1.5 puntos.	17.5	CT5
	Valoración da participación activa nas sesión de prácticas. Ata un máximo de 0.25 puntos sobre o total da nota da asignatura.		
Seminario	Plantearase 1 actividade de seminario ao longo do cuatrimestre a realizar en grupo. Ditas actividades deberán ser entregadas por escrito e presentadas oralmente. Puntuará, como máximo, 2 punto sobre o total da nota.	20	CT4 CT5
Lección maxistral	Valoración de participación nas sesións maxistraís a efectos de complementar a nota por avaliación continua.	2.5	CT5 CT7
	Ata un máximo de 0.25 puntos sobre o total da nota da asignatura.		
Exame de preguntas de desenvolvemento	1 examen final cun valor de 6 puntos sobre o total da nota	60	CT4 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

- 1.- As notas da avaliación continua obtidas nas prácticas de laboratorio, seminario e participación gárdanse ata a convocatoria de xullo. Para os estudantes que así o soliciten respectaranse as do curso anterior.
- 2.- Para que o exame faga media será necesario acadar unha nota superior a 2 puntos.
- 3.- O alumnado que non participe en ningunha actividade da avaliación continúa será avaliado sobre 10 puntos nun exame final de carácter teórico e practico. Do mesmo modo será avaliado o alumnado que participe nunha convocatoria de fin de carreira que non corresponda ao curso inmediatamente seguinte no que teña cursado esta materia.
- 4.- Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.
- 5.- Datos dos exames: consultar páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sánchez Calero, Fernando, **Principios de Derecho Mercantil (BIBLIOGRAFÍA BÁSICA)**, última edición,
Jiménez Sánchez, Guillermo (coord.), **Lecciones de Derecho Mercantil (BIBLIOGRAFÍA BÁSICA)**, última edición,

Bibliografía Complementaria

Broseta Pont-Martínez Sanz, **Manual de Derecho Mercantil**, última edición,
Westlaw-Aranzadi, **Base de datos jurídica**,
Tirant On Line, **Base de datos jurídica**,
Códigos BOE Derecho Mercantil, https://www.boe.es/biblioteca_juridica/index.php?tipo=C,
Noticias Jurídicas, <http://noticias.juridicas.com/>,
Guías Jurídicas Wolters Kluwer, <https://guiasjuridicas.wolterskluwer.es/Content/Inicio.aspx>,

Recomendacións

Outros comentarios

- 1.- A materia Dereito Mercantil desta titulación non precisa de coñecementos xurídicos previos. De todas formas, a primeira das sesións prácticas adicarase íntegramente ao estudo dos diferentes tipos de normas e a facilitar información sobre bases de datos de carácter xurídico onde poder buscar a lexislación vixente e actualizada.
- 2.- Aínda que o idioma seleccionado para a elaboración da guía docente e do material repartido ao longo do curso sexa o galego, ás clases desenvolveránse en castelán ca finalidade de facilitar a súa comprensión aos estudantes ERASMUS que queiran cursar esta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una

planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistras, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada da Plataforma docente e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Non se modificarán as metodoloxías.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada da Plataforma docente (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo) a través do despacho virtual de cada un dos docentes da materia.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia. Non obstante, no caso de suspensión das clases presenciais e peche do Centro e Bibliotecas da Universidade, o examen final será realizado de xeito virtual utilizando Campus remoto e/ou a Plataforma docente.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos da Plataforma docente.

Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa na Plataforma docente.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa na Plataforma docente. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Economía: Economía mundial				
Materia	Economía: Economía mundial			
Código	V03G100V01202			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS 6	Carácter FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Simón Fernández, Xavier			
Profesorado	Padín Fabeiro, María Carmen Simón Fernández, Xavier			
Correo-e	xsimon@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	<p>Benvido a Economía mundial.</p> <p>Imos traballar duro para mellorar o nivel de comprensión da estrutura e funcionamento da economía mundial. Tentaremos combinar diferentes ferramentas pedagóxicas para que o cuadrimestre sexa interesante e proveitoso para todos. A participación activa dos alumnos e alumnas vai ser a peza central deste percorrido que iniciamos. Oxalá Economía Mundial responda ás vosas expectativas e oxalá cheguemos a xuño cos deberes feitos e satisfeitos do traballo realizado.</p> <p>O profesor vaivos acompañar neste interesante percorrido e vaivos facilitar as ferramentas necesarias para a comprensión das forzas actuantes na Economía Mundial.</p> <p>Vos teredes que pór traballo e entusiasmo por aprender.</p>			

Competencias	
Código	
CE3	Coñecer o marco institucional da economía
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE13	Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Comprender as bases de funcionamento da economía, diferenciando países desenvolvidos e subdesenvolvidos.	CE3 CE4 CE5	CT5
Elaboración de informes que analizan a estrutura económica (mediante un conxunto de variábeis) de un grupo diverso de países.	CE3 CE5 CE8 CE13	CT5 CT7
Elaboración de informe que analiza a dinámica de algunhas variábeis económicas para un grupo diverso de países	CE3 CE4 CE8 CE13	CT5 CT7
Presentación oral dos informes relativos á estrutura e dinámica para un grupo diverso de países	CE8 CE13	CT5 CT7

Contidos	
Tema	
PARTE I. INTRODUCCIÓN	Tema 1.- Conceptos básicos, metodoloxía e fontes.
	Descrición: O sistema económico. Análise de Sistemas. Bases de Datos e Bibliografía.

PARTE II. ESTRUCTURA E DINÁMICA DA ECONOMÍA MUNDIAL	<p>Tema 2.- As economías desenvolvidas. Tema 3.- As economías subdesenvolvidas Tema 4.- Outras formas de inserción na economía mundial</p> <p>Descrición: Esta parte desenvolverase como se fora un único tema. Os principais conceptos e procesos son: orixe do capitalismo; desenvolvemento e subdesenvolvemento; relacións centro/periferia; semellanzas e diferenzas no proceso de desenvolvemento; o socialismo real; a economía chinesa.</p>
PARTE III. ESTRUCTURA E ACTIVIDADES ECONÓMICAS	<p>Tema 5. Recursos humanos: poboación e mercado de traballo. Descrición: Comportamento demográfico: a súa incidencia nos niveles de benestar; desemprego; actividade económica; poboación e estado do benestar.</p> <p>Tema 6. Recursos naturais e desenvolvemento económico. Descrición: Modelos de Produción agraria; Modelos de Produción pesqueira; Ecoloxía e Economía; problemas ambientais globais; nivel de renda e sensibilidade ambiental.</p> <p>Tema 7.- Tecnoloxía, industria e servizos. Descrición: Modelos de Produción e Organización do Traballo; o papel da tecnoloxía; relevancia das TICs; Terciarización das economías.</p>
PARTE IV. RELACIÓNS E INSTITUCIÓNS ECONÓMICAS INTERNACIONAIS	<p>Tema 8.- Institucións monetarias e financeiras internacionais: SMI, FMI e BM. Descrición: Coherencia sistémica global; sistema internacional de pagamentos; regulación dos fluxos financeiros;</p> <p>Tema 9.- Regulación do comercio internacional: a OMC. Descrición: Coherencia sistémica global; sistema internacional de regulación dos fluxos comerciais; aspectos sectoriais do comercio internacional; libre comercio e desenvolvemento.</p> <p>Tema 10.- Os procesos de integración económica. Descrición: Procesos de integración económica: conceptos e experiencias; a Unión Monetaria e Económica na UE; as políticas sectoriais.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	8	18	26
Prácticas con apoio das TIC	4	10	14
Foros de discusión	3	8	11
Aprendizaxe colaborativa	3	10	13
Lección maxistral	30	44	74
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Durante os seminarios o alumnado realizará a actividade de Presentación oral dos Informes solicitados
Prácticas con apoio das TIC	Sesións en Aula de Informática para o manexo de Servidores Estatísticos e Bases de Datos. Mediante estas sesións o alumnado adestrarase no manexo da información económica procedente deses servidores e recibirá as claves para a conseguinte elaboración de diversos Informes sucesivos. Cada Informe consistirá en responder a unha ou varias preguntas mediante a análise de datos e a súa representación gráfica. Os datos conformarán unha Base de Datos específica para un conxunto de países que o alumnado irá construíndo conforme avance o curso.
Foros de discusión	Durante unha sesión de Seminario, o alumnado realizará a actividade de Argumentación arredor dun tema proposto. Formaranse grupos que argumentarán posicións contrarias e formularán preguntas ós "contrincantes".
Aprendizaxe colaborativa	Durante unha sesión de Seminario, o alumnado se dividirán en grupos e deberán realizar un Informe colectivo arredor de unha pregunta común. Posteriormente deberán presentalo oralmente e responder ás cuestións que formulen outros estudantes ou o profesor.

Lección maxistral	Presentación dos contidos teóricos dos temas para axudar á preparación de Informes. Entregaranse lecturas para cada unha das partes da materia.
-------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesor ofrecerá os elementos guía que axudarán ao estudantado a encamiñar o seu traballo nos diferentes elementos que conforman a materia.
Seminario	Ao tratarse de grupos reducidos e ao estar centrados en aspectos específicos, o estudantado terá o protagonismo central na construción dos discursos interpretativos dos fenómenos económicos, sociais e ambientais que conforman a materia.
Prácticas con apoio das TIC	Estas prácticas desenvólvense nas semanas iniciais para que o estudantado se adestre no manexo de algúns indicadores económicos, sociais e ambientais: buscando os datos nos servidores estatísticos, realizando cálculos, graficando os resultados, etc. O alumnado debe aprender a formular argumentación escrita arredor de unha pregunta coñecida. Usará os seus coñecementos previos, ampliará o seu espectro conceptual, atenderá á información conxuntural, entenderá a información cuantitativa previamente xerada...todo elo para formular uns informes específicos.
Foros de discusión	Servirá para calibrar as posibilidades de ser parte de un equipo de traballo. O profesor poderá guiar o proceso de estruturación do grupo. Pero este debe ser autónomo no seu funcionamneto.
Aprendizaxe colaborativa	Servirá para calibrar as posibilidades de ser parte de un equipo de traballo. O profesor poderá guiar o proceso de estruturación do grupo. Pero este debe ser autónomo no seu funcionamneto

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Seminario	Presentación oral dos Informes requiridos e traballo en grupo. Cada un dos Informes consistirá nun texto escrito de extensión limitada e unha Base de Datos que recollerá os valores das variábeis, os cálculos dos indicadores seleccionados e a súa representación gráfica	25	CE4 CE5 CE8 CE13 CT5 CT7
Prácticas con apoio das TIC	Presentación escrita de Informe en relación ao primeiro dos temas propostos que será avaliado segundo o seu contido e a Base de Datos que acompaña a cada Informe	10	CE3 CE4 CE5 CE8 CE13 CT5
Foros de discusión	Defensa de unha posición específica en relación a tema proposto. Argumentación para fortalecer a posición. Preguntas para debilitar a posición contraria, a do outro grupo.	10	CT5 CT7
Aprendizaxe colaborativa	Traballo colectivo para xerar unha posición común respecto a tema proposto. Intercambio de ideas.	10	CT5
Lección maxistral	A participación nas sesións maxistras será parte da avaliación final. Esa participación instrumentarizarase mediante: -Preguntas e comentarios orais durante a sesión -Resumos críticos das lecturas obrigatorias e voluntarias	5	CE3 CE4 CE5 CT5 CT7
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de proba escrita. Conterá algunha ou varias das seguintes opcións : - Enunciados que o alumno/a determinará se son verdadeiros ou falsos -Enumeración de características, diferenzas e/ou similitudes de procesos económicos - Interpretación económica de datos, gráficas ou textos.	40	CE3 CE4 CE5 CT5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia será necesario obter 5 ou máis puntos, como suma das puntuacións obtidas en cada unha das partes que configuran a avaliación. En calquera caso, esíxese unha puntuación mínima de 3 puntos (sobre 10) na proba denominada "Exame de preguntas de desenvolvemento" para superar a materia.

En segunda convocatoria o alumnado manterá a nota da avaliación continua (excepto o exame final, que deberá repetir na convocatoria extraordinaria). Así mesmo, terán a posibilidade de mellorar os resultados obtidos en algúns dos exercicios

realizados nos Seminarios ou na Aula de Informática.

Realizarase unha proba denominada "Exame de preguntas de desenvolvemento". Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Así mesmo, para a convocatoria de fin de carreira estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación.

Para optar á avaliación mediante exame final ao 100% da cualificación, o alumnado deberá comunicalo ao profesor mediante e-mail antes do primeiro venres do terceiro mes de docencia.

As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade (<http://fccee.uvigo.es>)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Vidal Villa e Martínez Peinado, **Economía Mundial**, 2000,

Jaime Requeijo, **Economía Mundial**, 2006,

Bibliografía Complementaria

VV. AA, **Sistema Económico Mundial**, 2004,

Samir Amin, **El capitalismo en la era de la globalización**, 1998,

Samir Amin, **La desconexión**, 1988,

VV. AA., **La economía mundial en transformación**, 2011,

Organización Internacional do Traballo, <http://laborsta.ilo.org/>, 2015,

Banco Mundial,

<http://databank.worldbank.org/data/views/variableselection/selectvariables.aspx?source=world-development-indicators>, 2015,

Fondo Monetario Internacional, <http://unstats.un.org/unsd/syb/>, 2015,

Eurostat, <http://ec.europa.eu/eurostat/>, 2015,

Organización Mundial do Comercio, <http://stat.wto.org/StatisticalProgram/WSDBStatProgramHome.aspx?Language=E>, 2015,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Técnicas de economía aplicada/V03G100V01105

Outros comentarios

Estudar a Economía Mundial é ocuparse de entender procesos que teñen raíces históricas. Pero eses procesos están vivos, constrúense día tras día. Por iso para seguir esta materia e alcanzar as destrezas necesarias cómpre ler, ler e ler. Iso inclúe libros e artigos pero tamén os informes das institucións internacionais, os informes de organizacións non gobernamentais que se ocupan dos temas de desenvolvemento económico, e as noticias máis quentes que se publican diariamente nos xornais xerais e específicos.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

No caso de docencia non presencial, o CAMPUSREMOTO será o medio para realizar a docencia, asociado coas ferramentas de Moovi, Moodle e similares.

Mantéñense todas as metodoloxías, excepto as prácticas en aula de informática con ferramentas estatísticas para análise de datos.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Realizaranse prácticas online relativas ao uso de paquetes estatísticos para tratamento de datos. Usarase Moovi,

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Despacho virtual do profesor ou email, usando este como mecanismo de comunicación.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Ningunha bibliografía adicional

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense todas as probas e non cambia o seu peso.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Economía: Principios de economía II**

Materia	Economía: Principios de economía II			
Código	V03G100V01203			
Titulación	Grao en Economía			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Giménez Fernández, Eduardo Luís			
Profesorado	Giménez Fernández, Eduardo Luís			
Correo-e	egimenez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	É posible describir o funcionamento das economías dun xeito analítico? O obxectivo deste curso é proporcionar ferramentas para analizar datos económicos e detectar regularidades que permitan analizar de xeito analítico temas de interese económico.			

Competencias

Código	
CE2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
CE4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
CE5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
CE6	Adquirir coñecementos de Análise económica
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
O alumno familiarizarase coa maneira de pensar dos economistas, isto é, no uso dos instrumentos analíticos fundamentais e no coñecemento dos conceptos básicos da economía.	CE2 CE4 CE5 CE6
O alumno familiarizarase co manexo de bases de datos de economía así como no manexo de follas de cálculo que lles permita organizar a información obtida das devanditas bases.	CE8
O alumno aprenderá a analizar datos económicos e a expor as súas conclusións dunha maneira organizada.	CT5

Contidos

Tema	
1. Introducción	1. Introducción
2. Os datos	2.1. Contas Nacionais: PIB, Sector Público e Sector Exterior. 2.2. Prezos: IPC e Deflador do PIB 2.3. Demografía e Mercado Laboral 2.4. Diñeiro 2.5. Sector Financeiro 2.6. Prezos: taxas de xuro e índices
3. Dando sentido aos datos: modelos económicos	3.1. Modelo Circular da Renda 3.2. As Restriccións dos Axentes Económicos: Aforro, Investimento, Débeda Pública e Sector Exterior 3.3. Crecemento económico 3.4. Ciclos Económicos

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	35	65
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	20	28
Traballo	4	20	24
Presentación	8	20	28
Exame oral	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Clases semanais de dúas horas de teoría.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	As tutorías individuais terán lugar, previa cita co alumnado interesado, no Despacho Virtual https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/487723425 Acceso dos alumnos: DespachoVirtual-307

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realización de exercicios nas clases prácticas dos problemas propostos.	22.5	CE2 CE4 CE5 CE6
Traballo	Avaliarase a presentación de traballos e actividades propostas na clase.	27.5	CE8 CT5
Presentación	Presentación na clase dos cadros e gráficos solicitados. Traballo acumulativo que terá que presentarse ao final de curso.	50	CE2 CT5 CE4 CE5 CE6 CE8
Exame oral	Exame final oral para os alumnos que desexen obter unha Matrícula de Honra, e para aqueles que non opten pola avaliación continua (100% da nota). Realizará-se na data oficial establecida no calendario de exames.	0.1	CE2 CT5 CE4 CE5 CE6 CE8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua: A nota do alumno constará de catro partes: A presentación de exercicios nas clases prácticas de exercicios propostos e subi-los á plataforma, até un 22,5% da nota; a presentación de traballos e actividades propostos ao longo do curso, até un 27,5% e a avaliación das presentacións nas clases prácticas de exercicios propostos na clase teórica e subi-los á plataforma, até un 50% da nota. O exame oral final e obrigatorio para os alumnos que queiran acceder a unha Matrícula de Honra. A nota final do alumno será a suma das notas destas catro partes.

Se un alumno non supera o curso pola avaliación continua, deberá presentarse ao exame final oral que representará o 100% da cualificación.

Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudante pode escoller ser avaliado cun exame final oral que representará o 100% da cualificación.

Na convocatoria para o final da carreira, o exame oral suporá o 100% da cualificación.

As datas dos exames da materia estarán disponibles na páxina web da facultade (<http://fccee.uvigo.es>).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Williamson, S., **Macroeconomía**, 4ª edición, Pearson Educación, 2012

Da-Rocha, J.M., Restuccia, D., **The role of agriculture in aggregate business cycles**, Review of Economic Dynamics, 9 (3), pp. 455-482., 2006

Gollin, D., **Getting income shares right**, Journal of Political Economy, 110 (2), pp. 458-474, 2002

Lucas Jr., R.E., **Some macroeconomics for the 21st century**, Journal of Economic Perspectives, 14 (1), pp. 159,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Microeconomía I/V03G100V01304

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estatística: Estatística I/V03G100V01205

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Economía: Técnicas de economía aplicada/V03G100V01105

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas: as clases impartiranse na aula virtual.

* Metodoloxías docentes que se modifican

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (tutorías)

Salas do profesorado virtual:

<https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/487723425>

O contrasinal é: DespachoVirtual-307

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir

Ningún

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

Non é preciso.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

En circunstancias excepcionais, as probas realizáse a través da plataforma docente.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Empresa: Economía da empresa				
Materia	Empresa: Economía da empresa			
Código	V03G100V01204			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS 6	Carácter FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Piñeiro García, María del Pilar			
Profesorado	Piñeiro García, María del Pilar			
Correo-e	pilar@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase de presentar a empresa como axente económico fundamental, explicando os aspectos básicos da súa xestión e os problemas asociados ao seu goberno. Partindo desta base, identifícanse e defínense as grandes áreas funcionais, profundando nos aspectos específicos da súa xestión e nas problemáticas económicas que se formulan.			

Competencias	
Código	
CG4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
CE7	Comprender o entorno empresarial
CE8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
CE12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
CT2	Capacidade de traballar en equipo
CT5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
CT7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Identificar as clases de empresas que existen e as súas principais características.	CE7
Comprender a empresa como un sistema formado por subsistemas que se interrelacionan.	CE7
Saber aplicar técnicas para realizar unha análise da empresa o do seu entorno.	CE7
Identificar e saber aplicar os conceptos fundamentais da administración de empresas.	CE7
Identificar e saber aplicar os principais criterios para a toma de decisións nas empresas.	CE12
Coñecer os diferentes tipos de decisións de operacións e saber aplicar as principais técnicas para a toma de decisións neste ámbito.	CE7 CE12
Identificar as principais fontes de financiación da empresa e saber elixir a máis adecuada en cada situación.	CE7
Comprender a estrutura económico-financeira dunha empresa e o principio de equilibrio económico-financieiro.	CE7
Identificar e saber aplicar os criterios de selección de inversións para avaliar as alternativas de inversión dunha empresa.	CE12
Identificar os conceptos de marketing e dirección de marketing, ser capaz de definir o mercado da empresa e a situación de dito mercado.	CE7 CE12
Identificar as variables do marketing-mix e saber utilizalas para a adopción de decisións comerciais eficientes.	CE12
Mellorar a capacidade de traballar en equipo.	CT2
Mellorar as habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas.	CT5
Mellorar a actitude crítica e autocrítica.	CT7
Mellorar o autocontrol no sistema de traballo, en canto ao tempo e a planificación.	CG4
Mellorar as habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido.	CE8

Contidos	
Tema	

Tema 1. A empresa e o empresario	1.1. Concepto de empresa 1.2. A figura de empresario/a 1.3. Clases de empresas 1.4. Obxectivos da empresa 1.5. A empresa como sistema: principais subsistemas empresariais 1.6. O contorno da empresa
Tema 2. Principios básicos da administración de empresas	2.1. Introducción á administración de empresas 2.2. A planificación empresarial 2.3. A organización da empresa 2.4. A integración do persoal 2.5. A dirección dos recursos humanos 2.6. Sistemas e procesos de control
Tema 3. A toma de decisións na empresa	3.1. O proceso de toma de decisións 3.2. Tipos de decisións 3.3. Situacións de certeza, risco e incerteza 3.4. A matriz de decisión 3.5. Métodos e criterios para a toma de decisións 3.6. Decisións secuencias e árbores de decisión
Tema 4. A dirección de operacións	4.1. Introducción 4.2. Concepto e obxectivos da dirección de operacións 4.3. O proceso de planificación, programación e control da produción: principais decisións estratéxicas e tácticas 4.4. O punto morto da empresa 4.5. A xestión dos inventarios de demanda dependente e independente 4.6. Planificación, programación e control de proxectos
Tema 5. A dirección financeira	5.1. Introducción 5.2. O patrimonio e o balance da empresa 5.3. As fontes financeiras da empresa 5.4. A estrutura económico-financieira da empresa 5.5. Principio de equilibrio económico-financiero: o fondo de rotación 5.6. Os ciclos de actividade da empresa e o período medio de maduración 5.7. Análise da situación económica e financeira mediante ratios 5.8. Criterios de valoración e selección de inversións
Tema 6. A dirección comercial	6.1. Introducción 6.2. Concepto de mercadotecnia e dirección de mercadotecnia 6.3. Definición do mercado da empresa 6.4. Análise da situación do mercado da empresa 6.5. Estratexias comerciais: a mercadotecnia mix

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Flipped Learning	29	20	49
Resolución de problemas de forma autónoma	20	30	50
Cartafol/dossier	0	44	44
Exame de preguntas obxectivas	0	3	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas para contactar e reunir información sobre o alumnado, así como para presentar a materia.
Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fóra da aula, e coa presenza da docente se facilitará e potenciará outros procesos de adquisición e practica de coñecementos.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver de forma autónoma a súa análise e resolución. Parte da resolución dos problemas realizarase de forma presencial nas prácticas.
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros na materia. A recompilación incluírá os traballos e probas que determine a docente e serán subidos á plataforma MOOVI no tempo e forma que se determinen.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Actividades introductorias	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudiantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudiantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Flipped Learning	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudiantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.
Cartafol/dossier	Resolveranse as dúbidas formuladas polo estudiantado sobre os contidos e o desenvolvemento da materia.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación Competencias Avaliadas
Cartafol/dossier	Recompilación do traballo do/a estudante co obxectivo de amosar os seus esforzos, progresos e logros na materia. A recompilación incluírá os traballos e probas que determine a docente e serán subidos á plataforma MOOVI no tempo e forma que se determinen. O cartafol/dossier debe estar completo para ser evaluado. Non será avaliado no caso de que esté incompleto ou se detecte calquera tipo de plaxio.	30
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). O/a estudante selecciona unha resposta entre un número limitado de posibilidades. Correspóndese cos cuestionarios que se realizan ao longo do curso en MOOVI.	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o/a estudante debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo e condicións establecidos polo profesorado, aplicando os coñecementos que adquiriu. É parte do exame final.	20
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas para avaliar as competencias adquiridas que inclúen preguntas directas sobre un aspecto concreto. Cada estudante debe responder de maneira directa e breve en función dos coñecementos que teña sobre a materia. É parte do exame final.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación nas convocatorias ORDINARIA E EXTRAORDINARIA consta de dúas alternativas.

1. Avaliación CONTINUA. Está formada por:

- Cartafol (MOOVI) - 30% - Debe incluír todas as actividades para ser avaliado.- Cuestionarios (MOOVI) - 30% - Deben realizarse todos os cuestionarios para ser avaliado.- Exame final (Presencial) - 40%

2. Avaliación NON CONTINUA :

- Exame final (100%). Este exame será diferente ao realizado baixo a opción de Avaliación CONTINUA.

IMPORTANTE:

- A elección por parte do alumnado dunha das alternativas deberá facerse no prazo establecido pola responsable da materia, que se comunicará en MOOVI.

- No caso de participar nalgunha proba intermedia e non presentarse ao exame final, a nota final da materia será a nota dos cuestionarios e o dossier.

- No caso de AVALIACIÓN CONTINUA, de detectarse plaxio nalgunha das probas intermedias, o sistema de avaliación pasará a ser o de NON CONTINUA.

No sistema de avaliación da convocatoria DE FIN DE CARREIRA o exame final suporá o 100% da calificación.

As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

PIÑEIRO GARCÍA, T.; ARÉVALO TOMÉ, R.; CABALLERO FERNÁNDEZ, G. e GARCÍA-PINTOS ESCUDER, A., **Introducción a la economía de la empresa. Un enfoque teórico-práctico**, 2009,

Bibliografía Complementaria

BUENO CAMPOS, E., **Curso básico de economía de la empresa: un enfoque de organización**, 2002,

CRESPO FRANCO, T. e PIÑEIRO GARCÍA, P., **Producción. Planificación, programación e control, Ejercicios resoltos**, 2005,

MAYNAR MARIÑO, P.; BAÑEGIL PALACIOS, T.M. e GALERA CASQUET, C., **La economía de la empresa en el espacio europeo de educación superior**, 2008,

